



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBIERNO LOCAL EN DATA 13 DE MARZO DE 2015.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as dez horas do día trece de marzo de dous mil quince, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo **Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas**, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- **Dª. Mª. Montserrat Magallanes Álvarez**
- **Dª. Teresa Vicente Baz**
- **D. Manuel Javier Crespo González**
- **D. Antonio Lomba Baz**
- **D. Miguel Ángel Español Otero**

Asiste como Secretario Acctal. o funcionario do Concello D. José Carlos Martínez Crespo.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO I.- APROBACIÓN ACTAS SESIÓNS ANTERIORES.

O Sr. Presidente pregúntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer á acta correspondente á sesión celebrada o pasado día 27 de febreiro de 2015 ó que responden negativamente, polo que a referida acta foi aprobada.

PUNTO II.- ACORDOS

Visto que na Xunta de Goberno Local de data 6 de febreiro de 2015 se adoptou o acordo de solicitar unha subvención ó abeiro da Orde do 31 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, para a mellora dos mercados municipais e prazas de abastos, e que dito acordo contiña un erro en canto ó porcentaxe de subvención solicitada, a Xunta de Goberno Local acorda modificar dito acordo de tal xeito que queda como sigue:

Vista a Orde do 31 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións aos concellos de Galicia para a mellora dos mercados municipais e prazas de abastos, así como dos espazos de comercio non sedentario, cofinanciadas polo FEDER, e se procede a súa convocatoria para o ano 2015, a XUNTA DE GOBIERNO LOCAL, órgano competente para elo, ACORDA solicitar a subvención ao abeiro desta orde para:

- Proxecto: Actuación na praza de Abastos 2015:
 1. Obras de mantemento e mellora das instalacións: 124.418,24 €
 2. Mentoring: 3.630,00 € (Ive Engadido)



C O N C E L L O A G U A R D A

(PONTEVEDRA)

- Orzamento total: 128.048,24 €
- Subvención solicitada para as obras de mantemento de mellora das instalacións: 70% .
- Subvención solicitada para Mentoring: 1.800 €.

Lese o escrito RE 1.093 de data 24 de febreiro de 2015 presentado por D^a. J.A.G., con enderezo na rúa Laxes, nº 21 das Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas de auga, lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na rúa Laxes, nº 21.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda denegar a súa solicitude posto que os ingresos obtidos da declaracion da renda da unidade familiar superan, en cómputo anual, o salario mínimo interprofesional.

Lese o escrito RE 5.541 de data 24 de setembro de 2014 presentado por D^a. C.D.G., con enderezo na rúa 2^a Transv. Aloqueiro, nº 17 da Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas de auga, lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na rúa 2^a Transv. Aloqueiro, nº 17.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda denegar a súa solicitude posto que os ingresos obtidos da declaracion da renda da unidade familiar superan, en cómputo anual, o salario mínimo interprofesional.

Lese o escrito RE 1.094 de data 24 de febreiro de 2015 presentado por D^a. J..R.A., con enderezo na rúa Rosal- Molino de Abajo, nº 1-2ºA da Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas de auga, lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na rúa Rosal-Molino de Abajo, nº 1-2ºa.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 499 de data 27 de xaneiro de 2015 presentado por D^a. J.R.P., con enderezo na rúa Ramón Sobrino, nº 1-1ºF da Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas de auga, lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na rúa Ramon Sobrino, nº 1-1ºF.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda denegar a súa solicitude posto que os ingresos obtidos da declaracion da renda da unidade familiar superan, en cómputo anual, o salario mínimo interprofesional.



**C O N C E L L O
A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)

Lese o escrito RE 286 de data 15 de xaneiro de 2015 presentado por D. J.C.B.L., con enderezo na rúa de Galicia, nº 19-2ºD da Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas de auga, lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na rúa Galicia, nº 19-2ºD.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 908 de data 13 de febreiro de 2015 presentado por Dª. D.M.A., con enderezo na rúa Rosal, nº 35 da Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas de auga, lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na rúa Rosal, nº 35.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda denegar a súa solicitude posto que os ingresos obtidos da declaracion da renda da unidade familiar superan, en cómputo anual, o salario mínimo interprofesional.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 4 de febreiro de 2015 relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar de Dª. A.F.F.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder a dita alta.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 23 de febreiro de 2015 relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar de Dª. S.A.L.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder a dita alta.

Dase conta do escrito do Asesor Xurídico do Concello de data 4 de marzo de 2015 comunicando a sentenza ditada o 12 de febreiro de 2015 pola Sala do Contencioso-Administrativo do TSXG no recurso de apelación nº 4231/14 entablado polo Concello da Guarda contra o auto ditado o 30 de decembro de 2013 polo Xulgado do Contenioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra nos autos do recurso contencioso-administrativo nº 364/10 entablado por D. Eulogio p. Abeleira Cabaleiro contra a desestimación presunta das solicitudes con entrada o 9 de xuño e 8 de outubro de 2007 formuladas polo recurrente interesando a suspensión dos efectos de dúas licenzas de obras concedidas o 27 de decembro de 2006 a Unifamiliares de Bouzas, S.L. e o 28 de setembro de 2007 a Promomiño 2006, S.L. e a súa remisión ó orde contencioso-administrativo para a súa anulación, así como de revisión de oficio.



C O N C E L L O A G U A R D A

(PONTEVEDRA)

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido da sentenza e acorda dar as ordes oportunas para axilizar os trámites tendentes á demolición das tres vivendas unifamiliares en Tomadas.

Lese o escrito RE 336 de data 19 de xaneiro de 2015, presentado por D. CARLOS COEDO ALONSO, con enderezo na rúa Concepción Arenal, nº 25-4º da Guarda, solicitando a anulación do recibo de consumo de auga relativa ó número de abonado 266742 do 3º trimestre de 2014 xa que se producíu dun cambio de contadores no edificio que non se tivo en conta á hora da lectura.

A Xunta de Goberno Local acorda anular ó recibo correspondente ó 3º trimestre de 2014 do abonado nº 266742 e emitirlle un novo polo consumo mínimo.

Lese o escrito RE 1.052 de data 20 de febreiro de 2015, presentado por D. Fernando Perez Alonso, con enderezo na rúa Fontiña, nº 9 da Guarda, solicitando permiso para dispoñer do Campo de Fútbol Municipal o día 14 de xuño de 2015 para un torneo organizado pola Comisión de Festas da Virxe do Carme.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Dase conta do escrito RE 951 de data 17 de febreiro de 2015, presentado polo SERVIZO DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL DA CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS, comunicando a declaración da caducidade do expediente PO-RES-2014/058 incoado ó Concello da Guarda por vertedoiro incontrolado no lugar do Viso.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Dase conta do escrito RE 1.432 de data 5 de marzo de 2015, remitido pola CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, comunicando a autorización para a limpeza de maleza e reparación da porta metálica na torre da Praza do Reló.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Dase conta do parte de denuncia presentado ante a Policía Local da Guarda por Dª. Isabel Martinez Cadilla, con enderezo na rúa San Caetano-Carril, nº 28 reclamando que se tomen medidas ante a presenza de xabaríns no lugar.



C O N C E L L O A G U A R D A

(PONTEVEDRA)

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado ó Servizo de Conservación da Natureza.

Lese o escrito RE 1.448 de data 6 de marzo de 2015, presentado por D. GUEYE ALI, con enderezo na rúa Alcalde Portanet, nº 21-9ºE de Vigo, solicitando un posto no mercadillo da Guarda.

A Xunta de Goberno Local acorda denegar a súa solicitude posto que non presenta a documentación mínima esixida para a súa tramitación.

Lese o escrito RE 3.594 de data 21 de xuño de 2014, presentado por D. EUGENIO LOZANO BORJA, con enderezo na rúa Portela, nº 46 de Vigo, solicitando un posto no mercadiño da Guarda.

A Xunta de Goberno Local acorda concederlle un posto de 6 metros (posto nº 3).

PUNTO III.- ASUNTOS URBANISMO

1.- DAR CONTA DAS COMUNICACIÓNES PREVIAS DE OBRAS MENORES.

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de obras menores:

EXPEDIENTE: 6.080/2014. Dª. MARÍA DOLORES ÁLVAREZ ÁLVAREZ, PARA PECHÉ PARCIAL DE FINCA CONTRA LINDEIRO, CONSISTENTE NA RETIRADA DE TRAMO DE MURO DE BLOQUES DE 2,00 M. E REDE METÁLICA, PARA POSTERIOR CONSTRUCCIÓN DO MURO A NOVA UBICACIÓN SITO NA RÚA DE PORTELA 27, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "SALCIDOS" (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 6.976/2014.- D. FRANCISCO FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, PARA REFORMA E FORMACIÓN DUNHA NOVA CUBERTA A BASE DE POSTES DE FORMIGÓN, PLANCHAS DE FIBROCEMENTO E TELLA CURVA DO PAIS CON REMATE DE ALEIROS E CUMBREIRA, AMPLIACIÓN PARA INSTALACIÓN DE NOVO PORTAL, RECALCE DE SOLEIRA EXTERIOR CON MURO DE FORMIGÓN EN FORMACIÓN DE SOCALCO PARA A EDIFICACIÓN AUXILIAR SITA NA RÚA DE LONGRA Nº. 2, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "SALCIDOS" (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 7.322/2014.- D. VICENTE GONZÁLEZ ALONSO, PARA ILLAMENTO E REPARACIÓN DE FACHADA CO SISTEMA COTETERM DE ESPESOR 4 CMS. E ACABADO CON REVESTIMENTO ACRÍLICO EN COR, NUNHA SUPERFICIE DE 65,00 M². DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE FONTIÑA Nº. 6, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).



C O N C E L L O A G U A R D A

(PONTEVEDRA)

EXPEDIENTE: 537/2015.- D. MANUEL ÁLVAREZ ÁLVAREZ, PARA REPARAR A CUBERTA CONSISTENTE EN SUBSTITUIR OS ENTRAMADOS DE MADEIRA EN MAL ESTADO E TELLA DO PAIS EXISTENTE NUNHA SUPERFICIE DE 46,00 M²., E SANEAMENTO E CUBRICIÓN DE TERRAZA NUNHA SUPERFICIE DE 18,00 M²., DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE SAA Nº. 16, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "CAMPOSANCOS" (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 890/2015.- D. JOSÉ LUIS CORDERO GONZÁLEZ, PARA APERTURA DE OCO EN FACHADA LATERAL PARA INSTALACIÓN DUNHA VENTÁ DE 60X45 CMS. PARA VENTILACIÓN DE BAÑO, NA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE A CAL Nº. 159, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 3 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 1.053/2015.- D. JUAN MANUEL LOMBA ÁLVAREZ, PARA INSTALACIÓN DE LUMIEIRA DE POLIMETACRILATO DE METILO DE 0,80X0,80 CMS., NA CUBERTA DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE OLIVA Nº. 4, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 5 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 1.115/2015.- D. ILDEFONSO GONZÁLEZ DÍAZ, PARA PECHE FRONTAL DE PARCELA A VÍA PÚBLICA NUNHA LONXITUDE DE 24 MTS., REALIZANDO UNHA CIMENTACIÓN, COLOCACIÓN DE BLOQUES DE CEMENTO A UNHA ALTURA DE 0,90 MTS. E REDE METÁLICA ATA UNHA ALTURA DE 1,80 MTS., EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "O CASTRO" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9-B [ÁREA DE TOLERANCIA] DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 1.222/2015.- COSNTRUCCIONES DO TEGRA C.B., PARA REPARACIÓN DE ALEIRO E REPASO DO TELLADO DO EDIFICIO SITO NA RÚA DE MANUEL LOMBA Nº. 6, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 5 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 515/2015.- Dª. ROSALIA RODRÍGUEZ MARTÍNEZ, PARA APLICADO DA FACHADA CON PEDRA PAIS NUNHA SUPERFICIE DE 35,00 M²., DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE PORTO Nº. 9, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

2.- DAR CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS MAIORES.

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacíons previas de obras menores:

EXPEDIENTE: 5.913/2014.- **COMUNIDADE DE PROPIETARIOS "MUIÑO DE ABAIXO" (BLOQUE 1)** E REPRESENTADO POR D. SANTOS PACHECO DIAZ, PARA "**SUBSTITUCIÓN DE GALERIAS DE FACHADA**", DA EDIFICACIÓN SITUADA NA RÚA DE ROSAL-MUIÑO DE ABAIXO (BLOQUE 1), EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 2 DO P.X.O.U.) "**EDIFICACIÓN EN BLOQUE ABERTO**".



C O N C E L L O
A G U A R D A

(PONTEVEDRA)

3.-OBRAS MAIORES

EXPEDIENTE NÚMERO: 6.798/2013.

Examinado o proxecto técnico presentado con data 17-12-2013 (R.E. nº. 6.798), polo **CLUB DE TENIS CODESAL** con C.I.F. nº. G-36.028.843 e con domicilio na rúa de Codesal, s/n. da Parroquia de Camposancos de A Guarda-C.P. 36788, para licenza de "REFORMA DE PISCINAS" ubicadas nas instalacións do Club, sitas na rúa de Codesal, s/n., en Solo Non Urbanizable de Protección de Costas [Equipamento deportivo] (Ordenanza nº. 15 do P.X.O.U.), subscrito polo Arquitecto D. Ignacio Martínez Rodríguez.

PRIMEIRO.- Visto o informe técnico de data 04-03-2015, considérase **favorable** ó outorgamento da licenza conforme o proxecto presentado con data de visado do 25-02-2015.

O outorgamento da licenza solicitada, quedará condicionado ó cumprimento da declaración responsable presentada ante o organismo competente en materia de protección de costas da Xunta de Galicia.

SEGUNDO.- Visto o informe xurídico de data 04-03-2015, quen indica que non se observa na solicitude en cuestión, dende o punto de vista xurídico-procedimental ningún inconvinte, polo cal informase **favorablemente**, imponiendo os condicionantes establecidos nos informes técnicos e xurídico, deberá establecerse o cumprimento de todos os condicionantes derivados da declaración responsable presentada o 21-12-2014 ante o servizo do urbanismo do CMTI, así como os xerais establecidos na lexislación urbanística respecto os prazos de execución das obras, con expresión dos recursos procedentes a entablar contra dito acto administrativo, o cal debe notificarse o interesado.

Con base en ditos antecedentes, a Xunta de Goberno Local **RESOLVE**:

CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuizo do de terceiros, ó **CLUB DE TENIS CODESAL**, licenza para "REFORMA DE PISCINAS" ubicadas nas instalacións do Club, sitas na rúa de Codesal, s/n., de acordo co proxecto técnico presentado obrante no expediente de referencia, que deberá axustarse as condicións sinaladas no informe técnico e xurídico.

O prazo para iniciar as obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende o día seguinte a data de notificación da licenza, non podendo interrumpirse as obras por tempo superior a seis meses.

Se poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga (art. 197.1 da LOUGA).

Será declarada a caducidade das licenzas, logo do procedemento instruido con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da LOUGA):



C O N C E L L O A G U A R D A

(PONTEVEDRA)

- Cando non se tivesen iniciado as obras amparadas por esta licenza no prazo de seis (6) meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.
- Cando non se cumprise o prazo de terminación das obras de tres (3) anos dende o seu inicio.
- Cando a obra fose interrompida durante un periodo superior a seis (6) meses.
- Estes prazos poderán prorrogarse segundo o establecido no art. 197 da LOUGA.

TERCEIRO.- ADVERTENCIAS:

As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (condicións das obras en relación coas vias públicas) e 2.5.14 (valado das obras) recollidos no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

Deberá de adoptar de xeito inmediato as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas, dos predios colindantes e da vía pública.

É requisito e indispensable en todas as obras dispor, ó pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e, nas maiores, a colocación do cartel indicador de 1,20 x 0,85 mts. no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos os que se vai a destina-la construcción, o número de plantas autorizadas, o prazo de execución das obras, a data de outorgamento e número da licenza.

As obras autorizadas realizaranse por empresa de construcción que posúa o correspondiente documento de cualificación empresarial.

EXPEDIENTE NÚMERO: 7.248/2014.

Examinado o proxecto técnico presentado con data 03-12-2014 (R.E. nº. 7.248), por **D. ALEJANDRO LOMBA SOUTO** con D.N.I. nº. 76.907.218-W e con domicilio na rúa de José María Sesto nº. 12 de A Guarda-C.P. 36789, para licenza de "REFORMADO DE BÁSICO E PROXECTO DE EXECUCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR" desarrollada en (planta baixa e planta primeira) sita na rúa de Ceña Vella, s/n., en Solo Non Urbanizable de Núcleo Rural de "A Gándara" da Parroquia de Salcidos (Ordenanza nº. 9-B [Área de Tolerancia] do P.X.O.U.), subscrito polo Arquitecto D. Ignacio Martínez Rodríguez.

PRIMEIRO.- Visto o informe técnico de data 19-02-2015, considérase **favorable** ó outorgamento da licenza.

SEGUNDO.- Visto o informe xurídico de data 25-02-2015, quen indica que non se observa na solicitude en cuestión, dende o punto de vista xurídico-procedimental ningún inconveniente, polo cal informase **favorablemente**, imponiendo expresamente



C O N C E L L O A G U A R D A

(PONTEVEDRA)

no texto da mesma os condicionantes establecidos nos informes técnicos e xurídico, así como deberán impoñerse os condicionantes xerais establecidos na lexislación urbanística respecto os prazos de execución das obras, con expresión dos recursos procedentes a entablar contra dito acto administrativo, o cal debe notificarse o interesado.

Con base en ditos antecedentes, a Xunta de Goberno Local **RESOLVE**:

CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros, a **D. ALEJANDRO LOMBA SOUTO**, licenza para “REFORMADO DE BÁSICO E PROXECTO DE EXECUCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR” sita na rúa de Ceña Vella, s/n., de acordo co proxecto técnico presentado obrante no expediente de referencia, que deberá axustarse as condicións sinaladas no informe técnico e xurídico.

O prazo para iniciar as obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende o día seguinte a data de notificación da licenza, non podendo interrumpirse as obras por tempo superior a seis meses.

Se poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momeno de concesión da prórroga (art. 197.1 da LOUGA).

Será declarada a caducidade das licenzas, logo do procedemento instruido con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da LOUGA):

- Cando non se tivesen iniciado as obras amparadas por esta licenza no prazo de seis (6) meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.
- Cando non se cumprise o prazo de terminación das obras de tres (3) anos dende o seu inicio.
- Cando a obra fose interrompida durante un periodo superior a seis (6) meses.
- Estes prazos poderán prorrogarse segundo o establecido no art. 197 da LOUGA.

TERCEIRO.- ADVERTENCIAS:

As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (condicións das obras en relación coas vias públicas) e 2.5.14 (valado das obras) recollidos no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

Deberá de adoptar de xeito inmediato as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas, dos predios colindantes e da vía pública.

É requisito e indispensable en todas as obras dispor, ó pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e, nas maiores, a colocación do cartel indicador de



C O N C E L L O A G U A R D A

(PONTEVEDRA)

1,20 x 0,85 mts. no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos os que se vai a destina-la construcción, o número de plantas autorizadas, o prazo de execución das obras, a data de outorgamento e número da licenza.

As obras autorizadas realizaranse por empresa de construcción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial

EXPEDIENTE NÚMERO: 376/2015.

Examinado o proxecto técnico presentado con data 20-01-2015 (R.E. nº. 376), por **LIDL SUPERMERCADOS, S.A.U.** con C.I.F. nº. A-60.195.278 representado por **D. JESÚS ALBERTO SERRANO POSTIGO** con D.N.I. nº. 30.663.093-E e con domicilio na rúa de Toneleiros, s/n. (Polígono Industrial Rio do Pozo) de Narón-C.P. 15573 (A Coruña), para licenza de "AMPLIACIÓN DE NAVE COMERCIAL" sita no lugar de As Cachadas, s/n. da Parroquia de Salcidos (Ordenanza nº. 6 do P.X.O.U.) "*Edificación Industrial*", subscrito polo Enxeñeiro Técnico Industrial D. Alberto Tajes Lobelos.

PRIMEIRO.- Visto o informe técnico de data 26-02-2015, considérase **favorable** ó outorgamento da licenza, conforme o proxecto presentado e as condicións xerais e particulares da autorización do Servizo Provincial de Estradas.

A obra que se autorice ten por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, polo que poñerase en coñecemento da Administración municipal os datos identificativos e achegarase a documentación prevista no artigo 24 da Lei do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

Será responsabilidade do promotor da obra o nomeamento do:

- Coordinador de seguridade e saúde nas obras, nas circunstancias previstas no artigo 3 do **RD 1627/1997**.

SEGUNDO.- Visto o informe técnico de data 04-03-2015, considérase **favorable** en canto o dispuesto na lei 9/2013 de Emprendemento de Galicia e da competitividade económica de Galicia.

TERCEIRO.- Visto o informe xurídico **favorable** de data 04-03-2015, quen indica que non se observa na solicitude en cuestión, dende o punto de vista xurídico-procedimental ningún inconvinte para súa concesión. En canto as cuestións técnicas contidas no proxecto, dicir que no procedemento instado para o outorgamento desta licencia os servicios técnicos informarón preceptivamente, remitíndome o especificado no mesmo no que concirne a estes aspectos, e sen que a emisión do presente informe implique conformidade ou disconformidade cos aspectos técnicos, por non ser ámbito de competencia desta asesoría xurídica.

Por todo a antedito, formulase ó órgano competente a seguinte PROPOSTA:

Concede-la licencia municipal de obras a Entidade Mercantil **LIDL SUPERMERCADOS, S.A.U.** para a ampliación de nave comercial, debendo imponerse como condicionantes o cumprimento das medidas establecidas na



C O N C E L L O A G U A R D A

(PONTEVEDRA)

autorización do servizo provincial de estradas así como que cando remate as obras deberá presentar comunicación previa para o inicio da actividade. Deberá notificarse á interesada o acordo que se adopte con expresión dos recursos procedentes.

Con base en ditos antecedentes, a Xunta de Goberno Local **RESOLVE**:

CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros, a **LIDL SUPERMERCADOS, S.A.U.**, licenza para "ACONDICIONAMENTO DE NAVE COMERCIAL" sita no lugar de As Cachadas, s/n. da parroquia de Salcidos, de acordo co proxecto técnico presentado obrante no expediente de referencia, que deberá axustarse as condicións sinaladas no informe técnico e xurídico.

O prazo para iniciar as obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende o día seguinte a data de notificación da licenza, non podendo interrumpirse as obras por tempo superior a seis meses.

Se poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga (art. 197.1 da LOUGA).

Será declarada a caducidade das licenzas, logo do procedemento instruido con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da LOUGA):

- Cando non se tivesen iniciado as obras amparadas por esta licenza no prazo de seis (6) meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.
- Cando non se cumprise o prazo de terminación das obras de tres (3) anos dende o seu inicio.
- Cando a obra fose interrompida durante un periodo superior a seis (6) meses.
- Estes prazos poderán prorrogarse segundo o establecido no art. 197 da LOUGA.

TERCEIRO.- ADVERTENCIAS:

As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (condicións das obras en relación coas vias públicas) e 2.5.14 (valado das obras) recollidos no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

Deberá de adoptar de xeito inmediato as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas, dos predios colindantes e da vía pública.

É requisito e indispensable en todas as obras dispor, ó pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e, nas maiores, a colocación do cartel indicador de 1,20 x 0,85 mts. no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos os que se vai a destina-la



C O N C E L L O A G U A R D A

(PONTEVEDRA)

construcción, o número de plantas autorizadas, o prazo de execución das obras, a data de outorgamento e número da licenza.

As obras autorizadas realizaranse por empresa de construcción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

4.- DAR CONTA DAS COMUNICACIÓN S PREVIAS DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADES.

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de cambio de titularidade de actividade:

EXPEDIENTE: 1.404/2015. DNA. ANA BELÉN GONZALEZ LOMBA DE CAMBIO DE TITULARIDADE DA ACTIVIDADE DE COMERCIO MENOR MERCERÍA E PAQUETERÍA (EPIG. 651.4) A REALIZAR NA RÚA JOAQUIN ALONSO, Nº 15-BAIXO QUE ANTES FIGURABA A NOME DE M^a VICTORIA BAQUERO GONZÁLEZ.

EXPEDIENTE: 1.102/2015. DNA. ROSA MARIA MARTINEZ COSTOYA DE CAMBIO DE TITULARIDADE DA ACTIVIDADE DE CAFÉ-BAR (EPIG. 673.2) A REALIZAR NA RÚA COLON, Nº 2-BAIXO QUE ANTES FIGURABA A NOME DE JULIO SOTO GONZALEZ.

5.- PRORROGA DE OBRAS

Lese o escrito RE 1.454 de data 6 de marzo de 2015, presentado por D^a. FRANCISCA LIMA ALVAREZ, con endereço na rúa 1^a Transv. Aloqueiro,nº 22 de A Guarda, solicitando prórroga de obras á licenza de obras 18/2014.

A Xunta de Goberno Local acorda concederlle unha prórroga de obras á licenza 18/2014 por 3 anos.

6.- CAMBIO TITULARIDADE LICENZA DE OBRAS

Lese o escrito RE 1.410 de data 5 de marzo de 2015, presentado por VICTOR E ANTOLÍN ESTEVEZ PORTELA, con endereço social na rúa Tamuxe, nº 26 do Rosal, solicitando cambio de titularidade da licenza de obras nº 131/2012 para a construccion de vivenda unifamiliar sita na rúa Subida ó Torroso, s/n (parcela nº 2) que figuraba a nome de D. VICTOR ESTEVEZ PORTELA e D. ANTOLÍN ESTEVEZ PORTELA pasando a nome do comprador D. PABLO MARTINEZ MARTINEZ para o que adxunta escritura de compra.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Sendo as once horas e vinte minutos do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretaria dou fe.